



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CEIP ÁLVARO CUNQUEIRO MORA

Avda, Bos Aires, 19

Tfno: 982870553

27740 Mondoñedo (Lugo)

E-mail: ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal



LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO ESCOLAR 2021-2022

Estimadas familias:

Comunicámoslles a apertura do prazo de solicitude de adquisición de libros de texto para o seu uso no curso escolar 2020/21,

EXTRACTO DA ORDE do 06 de maio de 2021 (DOG de 20 de maio de 2021) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/22 (código de procedemento ED330B). A presente orde integra as diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto dos niveis obrigatorios de ensino: participación no fondo solidario de libros de texto en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria, axudas para adquirir libros de texto en 1º e 2º de educación primaria, e en educación especial; e axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria e educación especial.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

- Todo o alumando beneficiario das axudas no curso **2020/2021** ten a obriga de devolver os libros no centro docente **antes do 6 de xullo**. A falta de devolución dos libros é causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2021/22.
- Conservar os libros en bo estado.
- Destinar o importe do vale para libros so para adquirir os libros de texto.
- Destinar o importe do vale para material so para adquirir material escolar que necesite.

Están exentos da devolución dos libros de texto os alumnos/as de 1º e 2º de primaria.

Requisitos:

- Estar matriculado en 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.
- Ter una renda per cápita familiar anual igual ou inferior a **10.000 €** para o libros e de **6.000€** para adquirir material escolar.
- Ter devolto os libros do fondo solidario. (Prazo de devolución ata o 6 de xullo).

Solicitude:

- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes o en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- Achegámoslles **ANEXO I e II** por si deciden presentar a solicitude no centro para o curso 21/22.
- Cando o alumno/a, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2021/22, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2020/21.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes e documentación: na Secretaría do Centro, **ata o 22 de xuño**. Os anexos I e II deberán estar **COMPLETAMENTE CUBERTOS E ASINADOS E APORTAR TODA A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.**

-Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. De non telo: sentenza xudicial de separación ou divorcio onde conste a custodia do menor; certificado de convivencia, informe dos servizos sociais que acredite a situación familiar.

-No caso de discapacidade do alumno/a ou dalgún dos membros da unidade familiar deberá presentar certificado acreditativo da circunstancia.

-No caso de violencia de xénero acreditarase de calquera forma que aparece recollida no artigo 5 da Lei 11/2007.

- No caso de non autorizar a consulta de datos dos membros computables da unidade familiar debe presentar copia do DNI ou NIE e copia da declaración da renda do exercicio 2019.

Contía das axudas:

-Axudas para adquirir libros de texto para (1º e 2º de primaria):

Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: *axuda 210 €*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CEIP ÁLVARO CUNQUEIRO MORA

Avda, Bos Aires, 19

Tfno: 982870553

27740 Mondoñedo (Lugo)

E-mail: ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal



Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 10.000€: *axuda 140 €*

Alumnado de EE ou con discapacidade igual ou superior ao 65%: *axuda 275 €*

-Fondo solidario de libros de texto (3º, 4º, 5º e 6º de EP)

Para o alumnado que participe no fondo solidario, os libros dispoñibles asignaranse por orde inversa á renda per cápita, ata que se esgoten. En todo caso recibirá:

- 6 libros, renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.

- 4 libros, renda per cápita igual ou inferior a 10.000€

- Cursos E-dixgal, só optan ao material escolar, xa que teñen ordenador E-dixgal.

-Axudas para adquirir material escolar só renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: 50€

A renda per cápita: *é a renda familiar do exercicio fiscal 2019, dividida entre o número de membros da unidade computables* (o pai, a nai o alumno e irmáns solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar). Os membros cunha discapacidade igual ou superior ao 33% computarán por **dous membros da unidade familiar**.

Renda familiar: Os membros da unidade familiar que presentasen *declaración do imposto da renda de 2019*, sumarán os **recadros 460** (base imponible xeral) e **435** (base imponible do aforro); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

NOTA

Para recoller os VALES pasarán pola Secretaría do Centro os días 7, 8 e 9 de xullo de 2020.

Os solicitantes **asinarán e entregarán o vale ao establecemento no momento da recepción do material**, dando a súa conformidade aos libros entregados, así como, se fora o caso, ao importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto.

O horario de oficina será de 10,00 horas a 13,00 horas.

As listaxes provisionais do fondo solidario publicaranse o 9 de xullo de 2020.

Prazo de reclamación 12 e 13 de xullo.

Publicación listas definitivas 20 de xullo.

De todas formas para un mellor coñecemento destas axudas pregámoslles consulten o DOG de 20 de maio de 2021, onde aparece publicada a Orde que regula a participación no Fondo Solidario de Libros de Texto e as axudas para adquirir material escolar.

TODO ISTO CUMPLINDO COAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS VIXENTES EN CADA MOMENTO DESTE PROCESO.

Mondoñedo, 21 de maio de 2021

A Directora

Asdo: Mª Teresa Freire Sánchez